

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MAR

*ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso ás prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2021/22 (código de procedemento PE606A).*

O Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, tras pasa á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos da Administración do Estado en materia de ensinanza profesional náutico-pesqueiras.

O Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación da familia marítimo-pesqueira, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería, recolle no seus artigos 3 e 4 os supostos de feito e os suxeitos obrigados dos ditos prezos públicos.

O Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira, fai referencia, no seu artigo 9.2.b), á prestación de servizos complementarios polos centros e, no artigo 24, ao sistema de acceso aos centros de formación propios. Neste sentido, a Consellería do Mar dispón de catro centros de ensino náutico, marítimo-pesqueiro e de acuicultura, entre os cales os centros de Vigo e Ferrol ofrecen os servizos complementarios de residencia e comedor ao alumnado que se matriculan neles.

O Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, atribúe á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a Consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer.

Co obxecto de fomentar e potenciar a formación da poboación mariñeira, cómpre artellar as accións que faciliten o acceso á formación continua e aos ciclos formativos de grao medio e superior da familia marítimo-pesqueira.



Polo exposto, a conselleira do Mar, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

**Artigo 1. *Obxecto***

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para o acceso ás prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais da Consellería do Mar, así como convocar as prazas residenciais vacantes para o curso escolar 2021/22 (código de procedemento PE606A).

**CAPÍTULO I**

**Bases reguladoras**

**Artigo 2. *Persoas beneficiarias***

Poderá ser beneficiario/a das prazas de residencia ou de comedor todo o alumnado que, durante o curso escolar, estea matriculado nos centros de formación dependentes desta consellería e realice os seguintes estudos:

a) Marítimo-pesqueiros:

– Ciclos formativos de grao medio e superior da familia profesional marítimo-pesqueira.

b) Náutico-pesqueiros:

– Capitán/capitá de pesca, patrón/patroa costeiro polivalente, patrón/patroa local de pesca e mariñeiro/a pescador/a.

**Artigo 3. *Clases de prazas***

As prazas poderanse adxudicar nas seguintes modalidades:

a) Servizos de residencia en pensión completa: cuarto, almorzo, xantar e cea.



b) Servizos de media pensión: xantar cinco días á semana de luns a venres.

c) Servizo de xantar diario, non regular.

#### Artigo 4. *Prazas en réxime de residencia en pensión completa*

1. A modalidade de residencia en pensión completa supón a utilización dos servizos residenciais do centro.

2. As persoas que teñan asignada unha praza na residencia poderán facer uso dela no horario que abrangue desde os domingos ou festivos, véspera de días lectivos, ás 20.00 horas, ata o venres ou véspera de días festivos ás 21.00 horas.

3. Con carácter xeral, a adxudicación das prazas en réxime de residencia en pensión completa aterase ao procedemento establecido no capítulo II.

4. Cando o número de solicitudes sexa igual ou inferior ao número de prazas de residencia ofertadas, os/as interesados/as deberán cumprir os requisitos exixidos nesta orde e presentar a correspondente solicitude de acordo co establecido no artigo 17.

5. No caso de determinar que o número de solicitudes é superior ao número de prazas ofertadas, procederase á adxudicación de prazas por medio do baremo recollido no capítulo II.

#### Artigo 5. *Prazas en réxime de media pensión e xantar diario non regular*

1. Estas prazas dan dereito a xantar na sala de comedor do centro.

2. Poderán solicitar praza en réxime de media pensión e xantar diario non regular as persoas que, cursando estudos no centro, cumpran cos requisitos xerais do artigo 2 desta orde, teñan o seu domicilio habitual a unha distancia superior a 15 km do centro docente, ou ben que, mesmo sendo unha distancia menor, acrediten a súa imposibilidade de chegar coa puntualidade requirida ás clases.

3. Sempre que exista dispoñibilidade, a adxudicación das prazas de media pensión e xantar diario non regular será realizada polos centros residenciais, logo de presentar a correspondente solicitude, de acordo co artigo 17, e unha vez comprobado que reúne os requisitos recollidos nesta orde, así como o pagamento da taxa correspondente.



**Artigo 6. *Requisitos xerais para ser adxudicatario/a das prazas***

Para acceder ás prazas reguladas nesta orde, as persoas interesadas deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ser cidadáns de calquera país da Unión Europea ou estranxeiros/as que acrediten a residencia ou estean dentro dun programa de cooperación internacional.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade no ano da convocatoria.
3. Estar matriculado/a no centro durante o curso escolar.

**Artigo 7. *Prezos públicos***

1. As persoas beneficiarias das prazas recollidas no artigo 3 estarán suxeitas aos prezos públicos previstos na normativa aplicable.

2. Para as prazas de residencia en pensión completa correspondentes ao curso escolar completo, o pagamento realizarase antes do comezo do curso, nun pagamento único ou fraccionado en tres prazos trimestrais, e deberase aboar dentro dos dez primeiros días de cada trimestre.

3. Para as prazas de residencia en pensión completa correspondentes ao curso escolar completo, no caso de que, debido a unha causa sobrevida debidamente xustificada, non se utilicen os servizos de residencia, o alumnado poderá quedar exento do pagamento do período que lle quede por aboar, logo de renuncia expresa, e tras a valoración positiva efectuada por parte da dirección do centro.

4. Para as prazas de residencia en pensión completa nos cursos de duración inferior a un curso escolar completo, o primeiro pagamento trimestral realizarase antes do comezo do curso. No caso de acollerse ao pagamento por días, o pagamento realizarase na súa totalidade antes do inicio do servizo, agás nos casos en que a duración dos cursos sexa superior a un mes, onde o pagamento se poderá realizar por días antes do comezo de cada mes.

5. Para as prazas de comedor, o alumnado fará efectivo o pagamento antes do inicio do servizo.



6. O alumnado con praza na residencia que se incorpore á formación en centros de traballo (FCT) poderá seguir usando a residencia ata o remate da formación na dita empresa. Non obstante, no caso de non utilizar os servizos de residencia durante o terceiro trimestre do curso escolar, como consecuencia de realizar a dita FCT fóra do centro, o alumnado estará exento do pagamento do dito trimestre.

#### Artigo 8. *Incorporación do alumnado ás residencias*

1. Os centros residenciais docentes elaborarán as normas de funcionamento e publicaranas cunha anticipación de dez (10) días hábiles no seu taboleiro de anuncios, para o coñecemento do alumnado residente.

2. Os/as residentes, no momento da súa incorporación ao centro, deberán acreditar mediante certificado médico oficial o seu estado de saúde, que deberá permitir o normal desenvolvemento da vida residencial ou docente, e deberán comunicar, en caso necesario, a existencia de intolerancias ou alerxias alimentarias.

3. Os/as residentes están suxeitos ao réxime interno do centro e deberán respectar as normas de convivencia e horarios que permitan o normal desenvolvemento da vida residencial e docente.

4. Os/as residentes que teñan adxudicada unha praza para o curso escolar completo, no momento da súa incorporación deberán ter efectuado o pagamento correspondente ao primeiro trimestre.

#### Artigo 9. *Perda do dereito á praza de residencia*

1. O alumnado residente perderá a praza polas seguintes causas:

a) Non incorporarse ao centro residencial na data do inicio do curso escolar indicada polo centro docente, agás nos casos de forza maior, debidamente acreditados, logo da súa valoración pola dirección do centro.

b) Perda da condición de alumno/a no centro docente en que debía cursar os estudos para os cales lle foi concedida a praza.

c) Faltas de asistencia sen xustificar, cando se supere o número de tres días de ausencia continuados ou cinco días alternos, ás clases lectivas dentro do período dun (1) mes, e logo dun informe previo da dirección do centro.



d) Incumprimento do réxime interno do centro residencial que altere o normal desenvolvemento da convivencia e que dea lugar a sanción disciplinaria.

2. A dirección do centro residencial docente, tendo en conta o recollido no punto 1 deste artigo, concederalle ao alumnado un prazo de cinco (5) días hábiles para que presente as alegacións, os documentos ou as xustificacións que xulgue convenientes.

3. A dirección do centro, á vista das alegacións efectuadas ou transcorrido o prazo concedido para presentalas, e unha vez consultado o equipo educativo da residencia, resolverá o procedente no prazo de cinco (5) días hábiles.

## CAPÍTULO II

### **Procedemento de adxudicación de prazas de residencia mediante baremo**

#### Artigo 10. *Criterios de valoración das solicitudes*

1. A valoración das solicitudes das prazas de residencia en pensión completa realizárase tendo en conta os seguintes criterios:

a) Rendemento académico do último curso realizado:

– Nota media de sobresaliente: 4 puntos.

– Nota media de notable: 3 puntos.

– Nota media de ben: 2 puntos.

– Nota media de suficiente: 1 punto.

b) Renda familiar per cápita:

b.1) A renda familiar per cápita é a cantidade que determina a porcentaxe e os límites da axuda a partir das táboas de valoración. O seu importe é o coeficiente de dividir a renda da unidade familiar correspondente ao ano inmediato anterior ao do inicio do curso entre todos os membros da dita unidade.

No suposto de que non sexa posible achegar a dita certificación na data de presentación da solicitude, por non estar dispoñible, a selección quedará condicionada á presentación desta certificación con anterioridade á incorporación no centro.



b.2) Para a determinación da renda familiar sumarase o importe íntegro das retribucións en concepto de rendementos de traballo obtidos durante o ano inmediato anterior ao do inicio do curso por todos os membros da unidade familiar.

b.3) Considéranse membros computables da unidade familiar: o pai, a nai, os irmáns e as irmás solteiros/as menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar, os irmáns e as irmás de maior idade, cando se trate de persoas diminuídas físicas, psíquicas ou sensoriais, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio familiar a través do certificado de convivencia das persoas que compoñen a unidade familiar.

No caso de solicitantes que constituían unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o/a cónxuxe ou, de ser o caso, a persoa a que estea unida por análoga relación de convivencia afectiva, así como os descendentes que convivan no mesmo domicilio.

b.4) No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable quen non conviva coa persoa solicitante.

b.5) Nos casos en que a persoa solicitante alegue a súa emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar que conta cos medios económicos propios suficientes que permitan a dita independencia, así como a titularidade ou o alugamento da vivenda que constitúe o seu domicilio habitual. No caso contrario, entenderase non probada a independencia, polo que, para o cálculo de renda e patrimonio familiar, se computarán os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refire a dita alínea b.3).

b.6) Ao cociente da renda familiar computada entre o número de membros da unidade familiar adxudicaráselle a seguinte puntuación:

Ata 6.000 euros: 7 puntos.

De 6.000,01 ata 9.500 euros: 5 puntos.

De 9.500,01 ata 13.000 euros: 3 puntos.

De 13.000,01 ata 15.000 euros: 1 puntos.

A partir de 15.000,01: 0 puntos.



c) Circunstancias familiares:

c.1) Ás persoas solicitantes que teñan irmás ou irmáns cursando estudos de bacharelato, formación profesional específica ou universitarios fóra da súa residencia habitual, engadiránselles 2 puntos polo primeiro e 1 punto máis por cada un dos seguintes.

c.2) Ás persoas aspirantes en condición de orfandade, 2 puntos.

c.3) Ás persoas aspirantes membros de familia numerosa categoría xeral, 1 punto; de categoría especial, 2 puntos.

c.4) Ás persoas aspirantes que teñan algún membro da unidade familiar en estado de discapacidade, 2 puntos.

Todas as situacións referentes ás circunstancias familiares se deberán xustificar documentalmente.

A puntuación resultante de sumar as anteriores alíneas será a que determine a orde de adxudicación.

2. No caso de que as persoas solicitantes obtivesen a mesma valoración, terán preferencia por esta orde:

a) As mulleres fronte aos homes (segundo criterios de infrarrepresentación).

b) As persoas que acrediten ter residencia en Galicia.

c) As persoas non repetidoras.

d) As persoas que acrediten documentalmente unha relación persoal ou familiar directa co sector.

e) Finalmente, terán preferencia os de menor renda familiar.

Cando a omisión ou deficiente xustificación afecte un criterio de valoración, atribuiránselle 0 puntos.





**Artigo 11. Comisión de valoración**

1. Corresponderá á comisión de valoración constituída para o efecto en cada centro a valoración dos criterios xustificadas polas persoas solicitantes para os efectos de atribuír-lles a puntuación correspondente.

2. A comisión de valoración estará composta por:

a) Presidente/a: o/a xefe/a territorial da Consellería do Mar que corresponda ou persoa en quen delegue.

b) Secretario/a: a persoa que ocupe a Secretaría do centro de formación respectivo ou persoa que designe o director/a do centro.

c) Vogais:

– O/a director/a do centro de formación.

– A persoa designada polo Servizo de Ensinanzas e Titulacións Náutico-Pesqueiras.

3. A comisión de valoración determinará a puntuación que corresponda a cada solicitante polos criterios establecidos no artigo anterior.

4. Das reunións realizadas polas comisións a que se refiren os puntos anteriores elaborárase a acta, que será remitida á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

5. No caso de determinar que o número de solicitudes é superior ao número de prazas ofertadas, procederase da seguinte maneira:

a) Publicación, no taboleiro de anuncios do centro residencial, da listaxe de solicitudes e do número de prazas.

b) O centro residencial abrirá un prazo de dez (10) días, contado a partir dos dous (2) días seguintes ao do remate do prazo para presentar as solicitudes, para achegar a documentación xustificativa dos criterios do baremo recollidos no artigo 10 e aquela outra que aparece recollida no anexo I.



c) A comisión de valoración poderá requirir a documentación complementaria que xulgue necesaria para constatar a concorrencia dos requisitos e os criterios de valoración alegados. Neste caso, concederá un prazo de cinco (5) días hábiles para á súa presentación.

d) A falta de presentación en prazo da documentación requirida impedirá ter por acreditados os requisitos ou criterios afectados e, en consecuencia, impedirá valoralos para os efectos de determinar a puntuación.

#### Artigo 12. *Proposta de adxudicación provisional*

1. A comisión de valoración elaborará e remitirá á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a proposta de adxudicación provisional de prazas de residencia, seguindo a puntuación total obtida polos/as solicitantes, así como a relación provisional de excluídos debidamente motivada. Así mesmo, elaborará unha relación de suplentes para cubrir as vacantes que se poidan producir.

2. A resolución de adxudicación provisional, a relación de suplentes e a relación de excluídos/as publicaranse na páxina web da Consellería do Mar ([www.mar.xunta.gal](http://www.mar.xunta.gal)) e no taboleiro de anuncios do centro correspondente. Así mesmo, contra a dita resolución as persoas interesadas poderán formular reclamación, ante a propia comisión, no prazo de dez (10) días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas ao/á presidente/a da comisión.

3. As reclamacións formuladas entenderanse estimadas ou desestimadas mediante a publicación da adxudicación definitiva.

#### Artigo 13. *Adxudicación definitiva*

1. A comisión de valoración elaborará e remitirá á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a proposta de adxudicación definitiva de prazas de residencia, así como a relación definitiva de excluídos/as e a relación de suplentes.

2. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro resolverá a adxudicación definitiva de prazas de residencia.

3. A resolución de adxudicación definitiva e a relación de suplentes publicaranse na páxina web da Consellería do Mar ([www.mar.xunta.gal](http://www.mar.xunta.gal)) e no taboleiro de anuncios do centro correspondente.



No caso de non se producir resolución expresa no prazo de tres (3) meses desde a presentación da solicitude, esta entenderase desestimada.

4. Para a cobertura das prazas de residencia que queden vacantes durante o curso, a Dirección do respectivo centro residencial acudirá á lista de suplentes, seguindo a orde de puntuación.

#### Artigo 14. *Adxudicación de prazas de residencia en supostos especiais*

1. A tramitación das solicitudes de praza de residencia presentadas no prazo extraordinario de setembro axustarase ao establecido nos artigos anteriores, agás no relativo ás datas e aos prazos, que se terán que axustar ás exixencias derivadas do inicio do curso escolar nos respectivos centros residenciais. Sempre que as solicitudes non superen o número de prazas ofertadas na convocatoria e se cumpran os requisitos establecidos no artigo 8, a Dirección do centro poderá permitir que o alumnado con adxudicación provisional poida facer uso dos servizos ofertados nesta orde.

2. Para a cobertura de prazas de residencia durante o curso escolar, as direccións dos centros residenciais resolverán a adxudicación destas.

#### Artigo 15. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde non porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso de alzada, perante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da súa notificación, se o acto for expreso, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo, se o acto non for expreso, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todo iso sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

### CAPÍTULO III

#### **Convocatoria de prazas de residencia e comedor nos centros de formación da Consellería do Mar**

#### Artigo 16. *Convocatoria de prazas de residencia e comedor*

De acordo coas bases reguladoras establecidas nesta orde, convócanse prazas de residencia e de comedor nos centros de formación da Consellería do Mar para o curso académico 2021/22.



A oferta de prazas para o curso 2021/22 será a seguinte:

Centro residencial	Nº de prazas en réxime de pensión completa	Nº de prazas en réxime de media pensión e xantar diario non regular
Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo (Pontevedra)	65	5
Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol (A Coruña)	45	10

Tal e como se sinala na disposición adicional primeira, a oferta de prazas poderá sufrir modificacións ao criterio da Consellería do Mar, en función das medidas sanitarias que sexa necesario adoptar para garantir a seguridade das persoas adxudicatarias debido á situación creada pola COVID-19.

#### Artigo 17. *Presentación de solicitudes, lugar e prazo*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

2. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Tamén a poderán presentar directamente nas secretarías dos centros residenciais correspondentes.

3. Para a presentación das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. O prazo de presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta orde.

5. No caso de existiren prazas vacantes, establécese un prazo extraordinario de presentación de solicitudes para os ciclos formativos, que será do 17 ao 24 de setembro de 2021.

6. Ademais, poderanse presentar solicitudes ao longo do curso escolar. Neste caso, o prazo para a presentación de solicitudes finalizará o mesmo día en que rematen os prazos de matrícula de cada modalidade de curso.

7. As persoas que no curso académico anterior tivesen praza de residencia conservarán esta para o seguinte curso dun ciclo formativo, logo de presentación da correspondente



solicitude en período ordinario, de acordo co prazo establecido no punto 4, e sempre que acrediten o cumprimento dos requisitos académicos para o curso e non sexan repetidores/as deste.

*Artigo 18. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación, que pode ser requirida pola comisión de valoración para xustificar cada un dos criterios de valoración previstos no artigo 10:

a) Anexo II. Comprobación dos datos doutras persoas que compoñen a unidade familiar, de ser o caso.

b) Certificado de convivencia das persoas que compoñen a unidade familiar, se é o caso. A data da súa expedición será posterior á da entrada en vigor da convocatoria.

c) Documentación acreditativa da condición de orfandade, se é o caso.

d) Documentación acreditativa de familia monoparental mediante certificado de familia monoparental, convenio regulador ou resolución de medidas paterno/maternofiliais, no caso de ser expedido por outra comunidade autónoma.

e) Copia da certificación académica na cal figuren as notas correspondentes ao curso escolar inmediatamente anterior a esta convocatoria para aqueles/as solicitantes que procedan doutro centro formativo. Estará exento de presentar esta certificación o alumnado dos cursos especificados no artigo 2, alínea b).

f) Título de familia numerosa, no caso de ser expedido por outra comunidade autónoma.

g) Documentación acreditativa do grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % de calquera das persoas que compoñen a unidade familiar, no caso de ser expedido por outra comunidade autónoma.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes



corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderaselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

3. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

#### Artigo 19. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) DNI ou NIE da persoa representante, se é o caso.

c) DNI ou NIE do resto das persoas da unidade familiar, se é o caso.

d) Títulos oficiais non universitarios e títulos oficiais universitarios dos irmáns e das irmás das persoas solicitantes, de ser o caso.



e) Declaración do IRPF tanto da persoa solicitante como dos demais membros que compoñen a unidade familiar obrigados a declarar (anexo I no caso do solicitante e anexo II para os demais membros que compoñen a unidade familiar).

f) Título de familia numerosa no caso de ser expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.

g) Grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % da persoa solicitante e de calquera das persoas que compoñen a unidade familiar cando sexa expedida pola Xunta de Galicia, de ser o caso.

h) Certificado de familia monoparental, sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno/maternofiliais, expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberano indicar no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e deberán achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 20. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel, efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 21. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizaren trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén se poderán tramitar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 22. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberase dar cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.





**Artigo 23. Concorrenza con outras axudas**

O desfrute do dereito a ocupar as prazas convocadas nesta orde é incompatible co desfrute de calquera outra axuda, para a mesma finalidade e dentro do mesmo período temporal, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

**Disposición adicional primeira. Situación creada polo virus COVID-19**

En función da evolución e das medidas de seguridade adoptadas polas autoridades competentes durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a Consellería do Mar, atendendo ás ditas medidas, poderá reducir o número de prazas ofertadas no artigo 16 desta orde en cada un dos centros.

**Disposición adicional segunda. Prazas de residencia e comedor para os cursos que se organicen no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol**

De ser o caso, e sempre que exista crédito adecuado e suficiente, poderanse solicitar as prazas de residencia dispoñibles durante o curso escolar 2021/22 e segundo a programación aprobada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, para os cursos relacionados coa actividade pesqueira e marisqueira que se impartan no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

**Disposición adicional terceira. Transferencia de prazas do réxime de pensión completa ao réxime de media pensión e xantar diario non regular**

Excepcionalmente, ao criterio da dirección dos centros de ensino, e no caso de non usar o total de prazas ofertadas en réxime de pensión completa, as vacantes que se produzan poderanse acumular ás prazas en réxime de media pensión e xantar diario non regular.

**Disposición adicional cuarta. Actualización dos modelos normalizados**

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o/os modelo/s normalizado/s aplicable/s na tramitación do/dos procedemento/s regulado/s nesta disposición poderá/n ser actualizado/s co fin de mantelo/s adaptado/s á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación do/dos modelo/s actualizado/s na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará/n permanentemente accesible/s para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Disposición adicional quinta. *Normativa supletoria*

En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogada a Orde do 22 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso ás prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais da Consellería do Mar e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2020/21.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento desta orde*

Facúltase a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as disposicións relativas ás sucesivas convocatorias anuais de prazas recollidas no capítulo III, así como aquelas disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Publicación e entrada en vigor*

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2021

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo  
Conselleira do Mar




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PRAZAS DE RESIDENCIA NOS CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DO MAR	<b>PE606A</b>	SOLICITUDE

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>					
Enviarase avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b> As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
<input type="radio"/> <b>Electrónica</b> , a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.					
<input type="radio"/> <b>Postal</b> (cúbrase o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		

<b>ESTUDOS PARA OS CALES SOLICITA PRAZA</b>	
DENOMINACIÓN DOS ESTUDOS	CURSO
CENTRO	TIPO DE PRAZA

<b>CENTRO EDUCATIVO EN QUE ESTÁ MATRICULADO/A</b>		
CENTRO	ESTUDOS QUE REALIZA	CURSO
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

- Que é certa certa información aquí se sinala, así como que os criterios marcados son os únicos que desexa que se teñan en conta á hora de obter a puntuación correspondente no proceso para ser admitido/a nas prazas ofertadas no capítulo III desta orde.
- Así mesmo, comprométese a achegar a documentación necesaria para xustificar cada un dos puntos declarados, no caso de que esta sexa solicitada pola comisión de valoración do centro residencial correspondente.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
<b>Rendemento académico do último curso realizado [artigo 10.1, alínea a)]</b>	
<input type="checkbox"/> Nota media de sobresaliente	
<input type="checkbox"/> Nota media de notable	
<input type="checkbox"/> Nota media de ben	
<input type="checkbox"/> Nota media de suficiente	
<b>Cociente da renda familiar computada entre o número de membros da unidade familiar [artigo 10.1, alínea b.6)]</b>	
<input type="checkbox"/> Ata 6.000 euros	
<input type="checkbox"/> De 6.000,01 ata 9.500 euros	
<input type="checkbox"/> De 9.500,01 ata 13.000 euros	
<input type="checkbox"/> De 13.000,01 ata 15.000 euros	
<input type="checkbox"/> A partir de 15.000,01 euros	
<b>Circunstancias familiares [artigo 10.1, alínea c)]</b>	
<input type="checkbox"/> Irmáns ou irmás cursando estudos de bacharelato, formación profesional específica ou universitaria fóra da súa residencia habitual	
<input type="checkbox"/> As persoas aspirantes en condición de orfandade	
<input type="checkbox"/> As persoas aspirantes membros de familia numerosa de categoría xeral	
<input type="checkbox"/> As persoas aspirantes membros de familia numerosa de categoría especial	
<input type="checkbox"/> As persoas aspirantes que teñan algún membro da unidade familiar con discapacidade	
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	

Renda familiar per cápita [artigo 10.1, alínea b.3)]. Pai, nai, irmáns e irmás solteiros/as menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar; irmáns e irmás de maior idade cando se trate de persoas diminuídas físicas, psíquicas ou sensoriais; ascendentes dos pais/nais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio.

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

Orde de preferencia no caso de empate (artigo 10.2) (marque o recadro correspondente)

- Ser muller (por criterios de infrarrepresentación)
- Ter residencia en Galicia
- Non ser repetidor/a
- Ter relación persoal ou familiar directa co sector

Outros datos

Distancia do domicilio ao centro (artigo 5.2)	Km
---	----

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Anexo II. Comprobación de datos doutras persoas que compoñen a unidade familiar, de ser o caso
- Certificado de convivencia das persoas que compoñen a unidade familiar, de ser o caso
- Documentación acreditativa da condición de orfandade, de ser o caso
- Documentación acreditativa de familia monoparental mediante certificado de familia monoparental, convenio regulador ou resolución de medidas paterno/maternofiliais, no caso de ser expedido por outra comunidade autónoma
- Copia da certificación académica en que figuren as notas correspondentes ao curso escolar inmediatamente anterior a esta convocatoria para aqueles/as solicitantes que procedan doutro centro formativo
- Título de familia numerosa, no caso de ser expedido por outra comunidade autónoma
- Documentación acreditativa do grao de discapacidade igual o superior ao 33 % de calquera das persoas que compoñen a unidade familiar, no caso de ser expedido por outra comunidade autónoma




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

**ANEXO I**  
 (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<b>MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>	
<input type="checkbox"/> Título de familia numerosa	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33 % cando sexa expedido pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de familia monoparental, convenio regulador ou resolución de medidas paterno/maternofiliais, expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Declaración do IRPF da persoa solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería.

Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso ás prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2021/22 (código de procedemento PE606A).


**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 



- Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo
- Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora





ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DOUTRAS PERSOAS QUE COMPOÑEN A UNIDADE FAMILIAR  
PE606A - PRAZAS DE RESIDENCIA NOS CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DO MAR

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaman ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de que as terceiras persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberano indicar no recadro correspondente e deberán achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS		SINATURA
			NOME E APELIDOS	NIF	Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		
		<input type="checkbox"/>			DNI/NIE	OPÓNAME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			Documentación acreditativa dos estudos de bacharelato, formación profesional específica (títulos non universitarios)	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			Título oficial universitario de licenciado ou grao	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			<b>CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>		
		<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/> Grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	AUTORIZO A CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente.	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="checkbox"/>			Declaración do IRPF	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="checkbox"/>			DNI/NIE	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			Documentación acreditativa dos estudos de bacharelato, formación profesional específica (títulos non universitarios)	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			Título oficial universitario de licenciado ou grao	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			<b>CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>		
		<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/> Grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	AUTORIZO A CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente.	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="checkbox"/>			Declaración do IRPF	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

Lugar e data  
 ,  de  de